

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 28 DE MAIO DE 2018

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D^a. Ana Rosa Pena Barcia (PSG-PSOE)

D. Gonzalo Ferreiro Rego (ídem)

D^a. María Begoña Balsa Alonso (ídem)

D. Ángel Salvador García Cordero (ídem)

D. José Ignacio Cabezón Lorenzo (PP)

D^a. Montserrat Rico López (ídem)

D. Roberto Rey Fernández (ídem)

D^a. María Carmen Insua Cabanas (ídem)

D. Juan Carlos Pita Galego (MOVENEDA)

D. Carlos Caaveiro Puentes (ídem)

D^a. Cristina Bouza Bellón (BNG-Grupo Mixto)

D. Antonio Seijo Martínez (CG-Grupo Mixto)

Na Casa do Concello da Vila de Neda, sendo as doce horas e dez minutos do día vinte e oito de maio de dous mil dezaoto, convocado en forma regulamentaria, reúnese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, en sesión de carácter ordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan. Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez. Asiste igualmente a Interventora desta entidade, D^a. Ana M^a. Prieto Martínez.

Sendo a hora sinalada e co *quórum* regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 09/04/2018

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade procede á aprobación da citada acta.

2º.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA 4/2018

O Pleno toma coñecemento do Decreto da Alcaldía 4/208, copia do cal figura a disposición dos concelleiros/as xunto coa documentación do presente Pleno.

3º.- RECTIFICACIÓN ANUAL DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS

De conformidade co previsto no artigo 33 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e previo ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade aproba a rectificación anual do Inventario municipal de Bens e Dereitos, coas seguintes variacións:

	ALTAS	BAJAS	OBSERVACIONES
DERECHOS REALES			
	APARCAMIENTO FERVENZA CONCESION SUBARREIROS		
BIENES INMUEBLES			
	LOCAL AMPLIACION CONCELLO CAMIÑO BERNES CAMIÑO VILAR CAMIÑO LIÑARES CENTRO DE SALUD PARCELA ALBARON	ALBERGUE DE PEREGRINOS ANTIGUO MATADERO	dejar constancia de la motivación de la baja Pleno de 16 de Julio de 2015 alta como patrimonial agrupada y como dominio publico
BIENES / DERECHOS REVERTIBLES			
	ALBERGUE PEREGRINOS		
MUEBLES			
	REPROGRAFIA MULTIFUNCION RICOH MPC 4504exASP MULTIFUNCION RICOH MPC 3004exASP MULTIFUNCION RICOH MPC 2004exASP MULTIFUNCION RICOH MPC 307SP FAX CANON MX 475 TRITURADORA DE PAPEL REXEL 100X TIPOMETRO BOSCH GWM32 (rueda de medir)		Servicios generales Tesorería Servicios Técnicos Casa da Cultura Servicios generales Servicios Técnicos
	O ORDENADOR (CPU) ASUS ORDENADOR (CPU) HP ORDENADOR (CPU) HP ELITE DESK		Policía local (agentes) Policía local (oficial-jefe) Tesorería

	EQUIPO INFORMATICO	Identificación: pendiente de lectura de codigo de barras
	EQUIPO INFORMATICO	Identificación: pendiente de lectura de codigo de barras
	EQUIPO INFORMATICO	Identificación: pendiente de lectura de codigo de barras
	EQUIPO INFORMATICO	Identificación: pendiente de lectura de codigo de barras
	EQUIPO INFORMATICO	Identificación: pendiente de lectura de codigo de barras
	EQUIPO INFORMATICO	Identificación: pendiente de lectura de codigo de barras
	EQUIPO INFORMATICO	Identificación: pendiente de lectura de codigo de barras
	IMPRESORA	Mantenimiento
MAQUINARIA MANTENIMIENTO	GRUPO INVERTER SOLDADURA ESAB	Mantenimiento
	GENERADOR AYERBE EP8000	Mantenimiento
	GENERADOR AYERBE EP8001	Mantenimiento
	LIJADORA BANDA WERKU	Mantenimiento
	LIJADORA ORBITAL PICO STAYER	Mantenimiento
	RADIAL BOSCH	Mantenimiento
	RADIAL BOSCH	Mantenimiento
	RADIAL BOSCH	Mantenimiento
	HIDROLIMPIADORA MOTORIZADA	Mantenimiento
	HORMIGONERA PEQUEÑA (pastera)	Mantenimiento
	COMPACTADORA IMCOINSA (rana)	Mantenimiento
	CORTACEPED VIKING 6	Mantenimiento
	DESBROZADORA STIHL	Mantenimiento
	AFILADORA CADENAS DICOAL	Mantenimiento
	TALADRO BOSCH	Mantenimiento
	MARTILLO ROMPEDOR BOSCH	Mantenimiento
	MARTILLO ROMPEDOR BOSCH	Mantenimiento
	BATIDORA	Mantenimiento
	MEZCLADORA	Mantenimiento

MORTEROS WERKU		
TALADRO BATERIA		Mantenimiento
RATIO		Mantenimiento
CORTASETOS STIHL		Mantenimiento
SOPLADOR HOJAS		
STIHL		
	GENERADOR B&S 8CV	No reparable-fuera de uso
	COMPRESOR	
	LOMBARTE AC2015FP	No reparable-fuera de uso
	DESBROZADORA	
	MOCHILA STIHL FR108	No reparable-fuera de uso
	GRUPO INVERTER	
	SOLDADURA M&M	
	ARG200	No reparable-fuera de uso
	FRESADORA POWER	
	PLUS POW160	No reparable-fuera de uso
	SIERRA CALADORA	
	WERKU 750	No reparable-fuera de uso
	LIJADORA ORBITAL	
	VIRUTEX LR67D	No reparable-fuera de uso
	DECAPADOR TERMICO	
	WERKU	No reparable-fuera de uso
	TALADRO BATERIA	
	WERKU	No reparable-fuera de uso
	CEPILLO ELECTRICO	
	VIRUTEX CE35E	No reparable-fuera de uso
	SIERRA CALADORA	
	SC134L	No reparable-fuera de uso
	TALADRO BATERIA	
	MANESSMAN	No reparable-fuera de uso
	ESMERIL	
	PIEDRA/AGUA	
	KORMAX MD150	No reparable-fuera de uso
	ASPIRADOR ROWENTA	No reparable-fuera de uso
	AMOLADORA RADIAL	
	BOSCH GWS 18-230	No reparable-fuera de uso
	AMOLADORA RADIAL	
	BOSCH GWS 18-230	No reparable-fuera de uso
	AMOLADORA RADIAL	
	BOSCH GWS 9-125	No reparable-fuera de uso
	ALARGADERA CABLE	
	25 METROS	No reparable-fuera de uso
	TALADRO BATERIA	
	WURTH BS96A	No reparable-fuera de uso
	ALARGADERA CABLE	
	50 METROS	No reparable-fuera de uso
	MOTOBOMBA	
	ACHIQUE HONDA	
	WT30X	No reparable-fuera de uso
	BANCO DE	
	CARPINTERO	No reparable-fuera de uso
	BANCO DE	
	CARPINTERO	No reparable-fuera de uso
	TRIPODE	
	ILUMINACION	No reparable-fuera de uso

	FOCO HALOGENO	No reparable-fuera de uso	
ESCUELA INFANTIL	PLACA INDUCCION ZANUSSI	318,00 €	
	FRIGORIFICO WHIRLPOOL	319,00 €	
	MICROONDAS SAMSUNG	84,00 €	
	LAVADORA SAMSUNG	399,00 €	
	LAVAVAJILLAS BALAY 3VN303	373,00 €	
	CAMPANA EXTRACTORA BALAY 3BT263	127,00 €	
	RADIO-ALTAVOZ NGS	79,00 €	
	HORNO SOBREMESA ORBEGOZO	99,00 €	
	TRONA "MONOS ASALVO" (6 UDS)	414,00 €	
	TAQUILLA 2 PUERTAS 3 MOCULOS AZUL	586,85 €	
	CAMITA APILABLE ESTANDAR (12 UDS)	362,48 €	
	JUEGO INFANTIL PATIO CUNA "HENSVIK" 60X120 (8 UDS)	6.498,00 €	
		552,00 €	
	AMPLIACION CONCELLO	ARMARIO ARCHIVADOR 1,42X0,91X0,42	Trabajo Social (Marian)
		MESA REUNIONES 3,20X1,20 WENGUE	Sala reuniones
ARMARIO 0,80X0,78X0,42 WENGUE		Sala reuniones	
SILLA FIJA SIN BRAZOS "ARIES-1 (10 UDS)		Sala reuniones	
MESA OFIMAT P-13 1,40X0,80		Apoyo servicios técnicos	
MESA OFIMAT P-13 1,40X0,80		Archivo	
ARMARIO 0,45X0,42X1,50 (3 UDS)		Servicio apoyo técnico-administrativo	
MESA DYNAMIC K14 1,60X0,80		Servicio apoyo técnico-administrativo	
SILLA GIRATORIA RESPADO ALTO		Archivo	
SILLA FIJA SIN BRAZOS "ARIES-1 (6 UDS)		Confidentes despachos	
CULT		MESA REDONDA INFANTIL D 120 (3	Casa da Cultura

UDS)		
SILLA INFANTIL H30, MADERA (18 UDS)		Casa da Cultura
PROYECTOR HITACHI CP-EX251N		Casa da Cultura
PANTALLA TRIPODE TRAULUX ST 180X180		Casa da Cultura
ALTAVOZ LD SYSTEMS PLAY 15"A (2 UDS)		Casa da Cultura
SOPORTE ALTAVOZ GRAVITY GSP5211B (2 UDS)		Casa da Cultura

SEMOVIENTES

SIN ALTAS / BAJAS

VEHICULOS

SIN ALTAS / BAJAS

**MUEBLES HIST-
ARTIST.**

SIN ALTAS / BAJAS

**PATRIMONIO
MUNICIP. SUELO**

SIN ALTAS / BAJAS

VEHICULOS

SIN ALTAS / BAJAS

**VALORES
MOBILIARIOS /
CREDITOS**

SIN ALTAS / BAJAS

4º.- APROBACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DAS AXUDAS A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS NO ÁMBITO DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO CASCO ANTIGO DA VILA DE NEDA

Previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal das axudas a rehabilitación de vivendas no ámbito de rexeneración e renovación urbana da área de rehabilitación integral do casco antigo da Vila de Neda, que se transcribe literalmente a continuación.

Segundo.- Abrir trámite de información pública por prazo de trinta días hábiles, mediante inserción do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan presentar alegacións, reclamacións ou suxestións.

Terceiro.- Considerar definitivamente adoptado o acordo de aprobación inicial, no caso de que no trámite de información pública non se teñan presentadas alegacións, reclamacións ou suxestións.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS AXUDAS A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS NO ÁMBITO DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO CASCO ANTIGUO DA VILA DE NEDA

O Concello de Neda pretende afondar nas accións de preservación do patrimonio construído así como fomentar as accións necesarias para a recuperación dos edificios situados na Área de Rehabilitación delimitada na Vila de Neda, así como a reurbanización do espazo público e contribuír á revalorización dos valores arquitectónicos e sociais da zona.

Con este obxectivo, unha vez delimitada a Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Antigo da Vila de Neda (A Coruña) e tras varias fases previas, asínase un novo convenio de colaboración, co Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e o Ministerio de Fomento, establecéndose a presente Ordenanza para regular as axudas e subvencións deste novo acordo, así como para establecer os parámetros e criterios que rexerán nas actuacións.

O Real decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e o Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal 2013-2016, constitúen o marco

normativo polo que se establecen as axudas públicas en materia de rehabilitación en Galicia.

De acordo co artigo 13 do Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, mediante a Orde do 9 de marzo de 2015 establecéronse as bases reguladoras do programa de rexeneración e renovación urbanas deste plan estatal.

O Real decreto 637/2016, do 9 de decembro, prorrogou durante un ano o citado Plan estatal 2013-2016. Esta prórroga fixo necesaria unha modificación na regulación dos prazos previstos na Orde do 9 de marzo de 2015, motivo polo que se ditou a Orde do 23 de xuño de 2017, pola que se procede a abrir o prazo para solicitar a participación na prórroga do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e se establecen as súas bases reguladoras e as das axudas autonómicas previstas para este programa, que é de aplicación ás novas axudas autonómicas previstas para as actuacións que se realicen nas áreas de rehabilitación integral declaradas pola Comunidade Autónoma de Galicia.

ARTIGO 1º.- Obxecto.

Regular as axudas aos particulares, a conceder polo Concello, en relación ao convenio asinado: “ACUERDO DE LA COMISIÓN BILATERAL CELEBRADA EL 26 DE OCTUBRE DE 2017, RELATIVO AL ÁREA DE REGENERACIÓN Y RENOVACIÓN URBANA DEL CONJUNTO HISTÓRICO DE NEDA (A CORUÑA). PLAN ESTATAL DE FOMENTO DEL ALQUILER DE VIVIENDAS, LA REHABILITACIÓN EDIFICATORIA, Y LA REGENERACIÓN Y RENOVACIÓN URBANA 2013-2016, ANUALIDAD 2017”, no marco do Real decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas.

O programa de fomento da rexeneración e renovación urbanas ten como obxecto o financiamento da realización conxunta de obras de rehabilitación en edificios e vivendas, de urbanización ou reurbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificación en substitución de edificios demolidos, dentro de ámbitos de actuación previamente delimitados.

Estas obras realizaranse coa finalidade de mellorar os tecidos residenciais, e recuperar funcionalmente conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e núcleos rurais.

Sen prexuízo do disposto no art. 20º desta Ordenanza, a Orde do 23 de xuño de 2017, pola que se procede a abrir o prazo para solicitar a participación na prórroga do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación

urbanas 2013-2016, constitúe a norma de desenvolvemento a que deberá aterse en todo o que non prevea ou a contradiga.

ARTIGO 2º.- Ámbito territorial.

As axudas obxecto da regulación quedan limitadas territorialmente á Área de Rexeneración e Renovación Urbana do conxunto do Casco Antigo da Vila de Neda (A Coruña) en cuxo ámbito hai un total de 156 edificios con 218 vivendas.

A Área de Rexeneración e Renovación Urbana delimitada será a que consta no documento denominado “ÁMBITO DE REGENERACIÓN Y RENOVACIÓN URBANA DEL ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DEL CASCO ANTIGUO DE LA VILLA DE NEDA” de xullo de 2015.

ARTIGO 3º.- Carácter das axudas.

As axudas a conceder serán as previstas no Real decreto 233/2013, do 5 de abril, do Plan estatal de fomento de alugamento de vivenda, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbana, 2013- 2016, e demais normativa de desenvolvemento.

As normas citadas establecen as condicións das obras, tipo de axuda, beneficiarios, etc., e as actuacións remitiranse ao estipulado nas citadas normas.

ARTIGO 4º.- Información.

Para os fins das actuacións previstas, o Concello prestará, en todo momento, información sobre as axudas que se poidan tramitar a través da Oficina de Rehabilitación habilitada con este propósito.

ARTIGO 5º.- Convocatoria.

Anualmente e de acordo co convenio asinado e as ampliacións que se produzan, a Xunta de Goberno Local do Concello de Neda, procederá á apertura dun prazo de admisión de solicitudes non inferior a vinte días. Na convocatoria farase constar o número e o importe das axudas, facéndose a máxima publicidade desta a través de diarios oficiais e prensa.

ARTIGO 6º.- Actuacións protexidas obxecto das axudas.

Son de aplicación as actuacións en edificios existentes contempladas dentro do Plan Vivenda 2013-2016, que se establecen no Real decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan Estatal de fomento de alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016 e que se describen a continuación:

- 1) A execución de obras ou traballos de mantemento e intervención en edificios e vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, a fin de adecualos á normativa vixente. Poderanse incluír os honorarios dos profesionais, o custo de redacción de proxectos, informes técnicos e certificados necesarios, así como os gastos derivados da tramitación administrativa, sempre que todos eles estean debidamente xustificados.
- 2) A execución das seguintes obras de mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano:
 - Obras de urbanización e reurbanización material dos espazos públicos tales como pavimentación, xardinería, infraestruturas, instalacións, servizos de abastecemento de auga, saneamento, subministración enerxética, iluminación, recollida, separación e xestión de residuos, telecomunicacións e utilización do subsolo.
 - Obras de mellora da accesibilidade dos espazos públicos.
 - Obras destinadas a mellorar a eficiencia ambiental en materia de auga, enerxía, uso de materiais, xestión de residuos e protección da biodiversidade.
 - No ámbito da auga, as de redución do uso de auga potable e de rega, as de xestión sustentable das escorrentías urbanas, as augas pluviais e residuais, e as de xestión de depuración e o seu retorno adecuado ao medio.
 - No ámbito da enerxía, as de mellora da eficiencia enerxética en edificación e en servizos urbanos, as de implantación de enerxías renovables e sistemas de climatización centralizada ou de distrito, as de fomento da mobilidade sustentable e, en xeral, todas aquelas destinadas a reducir a demanda enerxética, reducir as emisións de gases contaminantes e aumentar o uso de enerxías renovables.
 - No ámbito da mellora no uso de materiais e a xestión de residuos, as relacionadas coa mellora da reciclaxe dos materiais, especialmente aquelas dirixidas a cumprir cos plans nacionais ou autonómicos de recollida de residuos, as relativas ao uso de materiais reciclados ou renovables en edificación ou urbanización, e as relativas ao uso de materiais locais ligados a estratexias de promoción dunha xestión sustentable do territorio.

- No ámbito da protección e mellora da biodiversidade, as propostas de conectividade de espazos verdes, de promoción de cubertas verdes, ou de implantación de especies adecuadas ao medio
- 3) Obras de demolición e edificación de vivendas de nova construción. Os novos edificios deberán ter unha cualificación enerxética mínima B, e cumprir, en todo caso, coas esixencias do Código Técnico da Edificación.

Tamén terán a consideración de protexibles

- 4) Os custos dos programas de realoxamento temporal dos ocupantes legais de inmobles que deban ser desaloxados da súa vivenda habitual, a consecuencia da correspondente actuación.
- 5) Os gastos dos equipamentos e oficinas de planeamento, información, xestión e acompañamento social de actuacións subvencionables.

O custo total das actuacións subvencionables, incluíndo os gastos mencionados no apartado 1) deste artigo constituirá o orzamento protexido da actuación e non poderá superar os custos medios de mercado que a tales actuacións correspondan.

Para poder acollerse as axudas previstas no Plan Vivenda 2013-2016, establece, para os edificios de tipoloxía residencial colectiva, a necesidade de elaborar previamente un Informe de Avaliación da edificación, tal e como se describe no artigo 21 de RD 233/2013.

As dúbidas que se presenten a este respecto, resolveranse de conformidade con disposto no art. 9 da Orde do 23 de xuño de 2017.

ARTIGO 7º.- Condicións particulares das actuacións obxecto do Programa.

Para a obtención das axudas relacionadas neste programa, requírese:

- a) Que o edificio conte co correspondente «informe de avaliación» co contido que establece o anexo II do Real decreto 233/2013, do 5 de abril, cumprimentado e subscrito por técnico competente. A tales efectos, se a Inspección Técnica de Edificios ou instrumento de natureza análoga existente no Municipio ou Comunidade Autónoma xa se tivese elaborado, bastará coa súa presentación, sempre que estea actualizado. No caso de que a información contida no informe recolla parcialmente a sinalada no anexo II, poderase incorporar directamente ao informe, debendo cumprimentarse o resto por un técnico competente.
- b) Que as actuacións contén co acordo da Comunidade ou Comunidades de Propietarios de que se trate, debidamente agrupadas, salvo nos casos de edificios de propietario único, e coa autorización administrativa correspondente, cando sexa preceptiva.

Fomentaranse e orientaranse todas as intervencións de rehabilitación de edificacións cara a mellora da eficiencia enerxética e o emprego de enerxías renovables. En base a isto, poderán levarse a cabo as seguintes actuacións subvencionables sobre a edificación:

A) MELLORA DA FUNCIONALIDADE

CUBERTAS

- A reparación ou substitución de estruturas obsoletas. É importante que, coa nova estrutura de cuberta, se dispoña de illamento térmico.
- A substitución de todo o material de cubrición, podendo incorporar elementos que axuden a un mellor funcionamento e impermeabilización da cuberta. Empregaranse elementos que incrementen o seu illamento térmico. Fomentarase o uso de sistemas de cuberta ventilada.

Os canos e baixantes, que terán que ser de materiais como cobre ou zinc, de sección semicircular e circular respectivamente.

FACHADAS

- A reestruturación de elementos discordantes das fachadas como poden ser as instalacións exteriores, ventilacións, materiais de acabados, xeometría e material de solución dos ocos á fachada.
- A colocación de illamento térmico polo exterior da fachada, realizando posteriormente un acabado de morteiro (sistema SATE).
- A instalación de novas carpinterías dotadas de dobre acristalamento illante con vidro baixo emisor.

Na renovación dos acabados de fachada a base de lucidos, realizarase, se fose necesario, o picado da base existente, saneado e reparación de fendas e finalmente aplicarase un tratamento de acabado que garanta a impermeabilización

As cores e materiais empregados deberán harmonizar coas características tipolóxicas e compositivas do edificio e das edificacións tradicionais do contorno, co fin de garantir que as actuacións de rehabilitación non atenten contra os valores arquitectónicos, paisaxísticos e culturais das edificacións sobre as que se intervén ou no contorno onde se sitúa.

As novas intervencións deberán respectar a coloración característica da zona. As molduras poderán ter unha tonalidade distinta.

O tratamento xeral da composición da fachada deberá ter continuidade para todos os niveis. Prohíbense os rematados en bloque de formigón, ladrillo visto e plaquetas cerámicas. Só se admiten as fachadas de pedra que conteñan sillería. Os encintados da

sillería que queda vista realizaranse con morteiro de cal, cunha tonalidade similar á pedra existente, e refundido.

Prohíbense as balaustradas de formigón, recomendándose utilizar reixas de forxa de ferro ou de madeira.

As tapas dos contadores de auga e electricidade deberán quedar integradas na fachada do edificio sen sobresaír desta.

ADECUACIÓN INTERIOR

- Acondicionamento interior adecuado a normativa de habitabilidade vixente.
- A reforma de elementos comúns en mal estado.
- Adecuación de baños en mal estado, pavimentos e outros elementos que necesiten reparación.

B) EFICIENCIA ENERXÉTICA E EMPREGO DE ENERXÍAS RENOVABLES

ENVOLVENTE TÉRMICA

FIESTRAS

- A instalación de novas fiestras acordes coas características das existentes que serán de madeira ou aluminio lacados, ou PVC con cor sólido (sen foliar), entre os tradicionais existentes na zona, ou, de existir datos, na cor orixinaria das carpinterías da edificación; con dobre acristalamento illante con vidros baixo emisivos.

ILLAMENTO TÉRMICO

- Illamento térmico da fachada polo exterior das vivendas: proponse colocar un sistema SATE formado por illamento polo exterior da fachada e rematado en morteiro pintado.
- Illamento térmico da cuberta. Proponse mediante dobre taboleiro e material illante en forma de panel sándwich.

INSTALACIÓNS

- A adecuación das instalacións existentes á normativa vixente, con fin de garantir a salubridade, así como o axeitado funcionamento dos subministros.
- Emprego de enerxías renovables, mediante a substitución dos equipos de produción de calor como a substitución da caldeira antiga por outra de menor consumo e máis eficiente, para dotar o sistema de calefacción e auga quente sanitaria (ACS) dunha maior eficacia e un funcionamento mais sostible.
- A instalación de equipos de xeración, como as bombas de calor ou que permitan o emprego de enerxías renovables, reducindo así o consumo enerxético de

maneira significativa no que se refire á produción de auga quente sanitaria e, no caso da calefacción, si esta fose por un sistema de chan radiante.

Practicamente todas as vivendas da área son susceptibles de mellorar o rendemento dos sistemas de calefacción e ACS.

A adopción de calquera destas medidas ou outras similares repercutiría nun menor consumo enerxético do edificio, ademais de solucionar problemas de humidades.

C) ACCESIBILIDADE

- A instalación de aparellos elevadores naqueles edificios que presenten problemas de accesibilidade.

ARTIGO 8º.- Tipos de actuación.

Na rehabilitación das edificacións poderase intervir con diferentes tipos de actuacións:

1. A adecuación de fachadas e cubertas.
2. A adecuación ou actualización dos elementos comúns.
3. A adecuación funcional ou actualización das vivendas.

Todas estas actuacións terán que axustarse aos criterios de coherencia técnica e cunha formulación gradual na resolución dos problemas, atendendo ao seguinte criterio de prioridades:

1. Estabilidade.
2. Habitabilidade.
3. Estanquidade, eficiencia enerxética, illamento, accesibilidade e instalacións.
4. Cuestións estéticas e formais.

Considéranse tres niveis de actuación para a rehabilitación,

- Un primeiro NIVEL BÁSICO que garanta os obxectivos de estabilidade, habitabilidade e adecuación funcional.
- Un segundo NIVEL RECOMENDABLE que garanta os obxectivos do nivel básico, ademais da accesibilidade, incluíndo a instalación de ascensores, así como cuestións estéticas e formais; e
- Un terceiro NIVEL EXCELENTE con melloras non previstas nos niveis anteriores.

Poderanse acoller ás axudas as actuacións xa iniciadas pero que non estean finalizadas á data da presentación das solicitudes formuladas segundo a presente convocatoria.

Poderanse incluír os honorarios dos profesionais, o custo da redacción de proxectos, informes técnicos e certificados necesarios, así como os gastos derivados da tramitación administrativa, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas, excluídos os impostos, taxas e tributos.

ARTIGO 9º.- Conformidade co planeamento.

Os inmobles e os usos para os que se soliciten as axudas deberán ser conformes coas determinacións da regulación urbanística vixente, ou acadar a súa conformidade ao final das obras obxecto das axudas.

Por outra banda, cando as actuacións solicitadas se refiran a un edificio protexido que conste como tal no Catálogo Complementario de Bens Culturais, Naturais e Paisaxísticos das Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento vixentes, estas deberán ser conformes co estipulado na Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, contando ademais, con carácter previo á concesión da licenza municipal, coa autorización preceptiva da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

As actuacións contarán tamén, coa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, respecto das edificacións que se atopan dentro do ámbito delimitado polo Decreto 110/2014, do 4 de setembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño Inglés a Santiago.

ARTIGO 10º.- Condicións dos inmobles.

Os inmobles sobre os que se actúe deberán estar dados de alta para os efectos catastrais e o propietario deberá estar ao corrente no pago do Imposto de Bens Inmobles; de non ser así, deberán realizarse os trámites necesarios para regularizar esta situación, previa concesión da axuda.

Os inmobles deberán estar en condicións de seguridade estrutural e construtiva e de estanquidade fronte a choiva, subministro eléctrico e con adecuada funcionalidade da rede de fontanería e saneamento xeral, excepto que as obras solicitadas inclúan as necesarias para a consecución das condicións sinaladas.

A execución das obras protexidas deberá garantir a súa coherencia técnica e construtiva co estado do edificio e coas restantes obras que puideran realizarse, de xeito que, en edificios carentes de condicións de seguridade estrutural e construtiva, de instalacións de electricidade, auga e saneamento, estanquidade fronte a chuvia, etc., non se protexerán a realización de obras que non inclúan as necesarias para a consecución destas condicións.

As actuacións deberán atender prioritariamente á mellora das condicións de habitabilidade relativas á distribución interior, instalacións de auga, electricidade,

ventilación, iluminación, aireación, illamento térmico, servizos hixiánicos, instalacións de cociñas e baños, e outros servizos de carácter xeral.

ARTIGO 11º.- Beneficiarios das axudas. Condicións

a) Poderán ser persoas beneficiarias das axudas as que reúnan os requisitos establecidos nos artigos 6.2 e 28.1 do Real decreto 233/2013, do 5 de abril, de Plan estatal de fomento de alugamento de vivenda, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbana, 2013- 2016; os propietarios de vivendas, os propietarios únicos de edificios de vivendas, as comunidades de propietarios, as agrupacións de comunidades de propietarios e os consorcios e entes asociativos de xestión respecto dos edificios e vivendas incluídos no ámbito de rexeneración e renovación urbana da área de rehabilitación integral del casco Antigo da Vila de Neda.

Para poder ser beneficiario é necesario que os edificios de tipoloxía residencial colectiva obxecto das axudas dispoñan do correspondente informe de avaliación do edificio con anterioridade á formalización da petición da correspondente axuda, sempre que o dito informe sexa preceptivo segundo a lexislación en materia de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas e o establecido no artigo 21.1.a) do Real decreto 233/2013.

Cando a execución da actuación lles corresponda a varios beneficiarios, a axuda distribuirase en proporción ao custo asumido por cada un deles.

Non poderán obter financiamento os que se beneficiasen das axudas do programa de rehabilitación edificatoria, programa do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016.

b) Non poderán obter a condición de beneficiarios aqueles nos que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na súa normativa de desenvolvemento ou no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, ou fosen suxeitas dunha revogación dalgunha das axudas contempladas neste Plan ou en anteriores plans estatais de vivenda por causas imputables ao solicitante.

c) Os interesados que formalicen unha solicitude sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións da convocatoria e demais normativa reguladora que sexa de aplicación ao obxecto das axudas.

ARTIGO 12º.- Obrigas das persoas beneficiarias.

As obrigas das persoas beneficiarias son as seguintes:

- a. Realizar as actuacións de rehabilitación subvencionables previstas no art. 9 da Orde de 23 de xuño de 2017, de conformidade coa resolución de cualificación provisional.
- b. Destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente da persoa promotora ou persoa inquilina, no suposto de que se destinen ao alugamento, por un prazo de tres anos, de conformidade co artigo 7 do Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, para o caso de recibir as axudas autonómicas.
- c. Comunicar ao órgano instrutor calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda. A non comunicación destas modificacións será causa suficiente para o inicio dun expediente de reintegro das cantidades que puidesen ter cobradas indebidamente.
- d. Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que a Oficina de Rehabilitación Municipal de Neda e o Instituto Galego da Vivenda e Solo consideren pertinentes durante a vixencia da subvención.
- e. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, así como polo Concello ou o IGVS.
- f. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- g. Cubrir os datos necesarios para a tramitación da axuda que sexan esixibles segundo o acordo de financiamento específico asinado.
- h. As demais obrigas recollidas nos artigos 13 e 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

ARTIGO 13º.- Orzamento protexido.

Constitúe o orzamento protexido da actuación o custo total de todas as actuacións que se subvencionen segundo o previsto no artigo 26.3 do citado Real decreto 233/2013, que non poderá superar os custos medios do mercado que correspondan a tales actuacións.

ARTIGO 14º.- Contía mínima do orzamento protexido.

A contía mínima de orzamento protexido por vivenda rehabilitada ou que participe nos custos de rehabilitación dun edificio será de 1.000 €

ARTIGO 15°.- Subvencións.

As contías máximas das citadas achegas, segundo figura no convenio, son as seguintes:

	Achega Ministerio de Fomento	Achega Comunidade Autónoma
Anualidade 2017	34.809,60 €	14.039,74 €

Para un total de **48.849,34 €**

O Concello establecerá ademais unha bonificación do 90% da cota que resulte do imposto sobre construción, instalacións e obras.

ARTIGO 16°.- Procedemento de tramitación das subvencións

1) Aprobación inicial das axudas. Cualificación provisional.

a) Os concellos, no marco dos seus procedementos de convocatorias de axudas, revisarán a documentación presentada e, logo dos requirimentos que consideren necesarios para completar ou aclarar a documentación recibida, ditarán resolución denegatoria das solicitudes que non cumpran os requisitos. Respecto das solicitudes que cumpran os requisitos, os concellos elaborarán unha proposta de cualificación provisional que remitirán á correspondente área provincial do IGVS. Esta proposta de cualificación provisional conterá a identificación da persoa ou entidade solicitante, o tipo de actuación, o orzamento protexido e o prazo de execución das actuacións. A esta proposta deberá xuntarse unha certificación municipal do cumprimento dos requisitos exixidos polo Plan estatal 2013-2016, referida ás actuacións, aos edificios, ás vivendas, así como ás persoas ou entidades beneficiarias.

b. A persoa titular da correspondente xefatura territorial do IGVS ditará unha resolución sobre a cualificación provisional. A resolución pola que se outorgue a cualificación provisional conterá a identificación da persoa solicitante, describirá o tipo de actuación, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación, o seu orzamento protexido e o prazo de execución e de comunicación do remate das obras.

c. Serán causas de denegación da cualificación provisional, ademais das que poida sinalar o concello, as seguintes:

- Que a actuación prevista non estea entre as actuacións de rehabilitación acollidas neste programa.

- No caso de actuacións referidas a edificios residenciais colectivos, que non se dispoña do informe de avaliación dos edificios.

- Que a actuación non se axuste ás determinacións do Real decreto 233/2013, do 5 de abril, ou ao acordo específico asinado co Ministerio de Fomento.

d. O prazo para ditar e notificar a resolución sobre a cualificación provisional será de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da entrada na área provincial do IGVS da proposta municipal de cualificación provisional. Transcorrido o dito prazo sen que se notifique a resolución expresa, entenderase denegada.

e. Contra a resolución que sobre a cualificación provisional dite a xefatura territorial do IGVS poderase interpor un recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

2) Execución das obras e cualificación definitiva das actuacións.

a. O solicitante promotor das obras daralle conta ao Concello da data de comezo das obras mediante certificación de inicio de obra dirixido aos Servizos Técnicos do Concello.

As obras deberán executarse no prazo máximo establecido na cualificación provisional das axudas e deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión inicial das axudas, e non se admitirán máis modificacións na súa execución que as autorizadas por proposta da Dirección Facultativa, as cales en todo caso, deberán estar autorizadas pola correspondente licenza ou comunicación previa, e autorizacións sectoriais para a execución das obras.

Os Servizos Técnicos Municipais poderán, en todo caso, supervisar as obras co obxecto de comprobar o correcto cumprimento das condicións ás que estean sometidas en virtude das axudas concedidas.

Durante o período de execución das obras, o promotor deberá colocar o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación, elaborado de acordo cos convenios asinados, e ata o cobro total das axudas solicitadas.

b. As persoas ou entidades promotoras das actuacións, dentro do prazo fixado na resolución de cualificación provisional, comunicarán o seu remate ao Concello, que deberá proceder a realizar as seguintes comprobacións:

- Que as actuacións foron executadas dentro dos prazos e coas exixencias establecidas na resolución de cualificación provisional e, en todo caso, deberán estar rematadas e comprobadas con toda a súa documentación antes do 30 de novembro do 2019.

- Que para a súa execución contáronse con todas as autorizacións necesarias.

- Que o pagamento efectivo das facturas e os documentos bancarios de pagamento das anteditas actuacións foron realizados polas persoas ou as entidades beneficiarias que figurasen na resolución de cualificación provisional.

As facturas compulsadas deberán estar emitidas pola empresa adxudicataria e a xustificación de pagos, mediante transferencia bancaria, talón ou calquera outro medio regulado pola Lei 38/2003, xeral de subvencións e Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Non se admitirán os pagos nin os ingresos en efectivo.

Ademais, as facturas reunirán en todo caso os seguintes requisitos: nome da persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional, razón social, enderezo e NIF de quen emite a factura, IVE desagregado, nome, enderezo, NIF do pagador titular da cualificación provisional e forma de pago. Deberá quedar claramente descrito o produto vendido ou o servizo prestado. A cualificación definitiva supón a xustificación da execución de todas as actuacións cualificadas.

c. Logo de realizar as comprobacións sinaladas no número anterior, o Concello elaborará unha proposta de cualificación definitiva que conterá a identificación da persoa ou da entidade beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento xustificado e a proposta de subvención final que se aboará. A esta proposta de cualificación definitiva, que remitirán á correspondente área provincial do IGVS, deberá xuntarse unha certificación do Concello do cumprimento dos requisitos establecidos no Plan estatal 2013-2016, na Orde do 23 de xuño de 2017 e na correspondente resolución de cualificación provisional, relativos tanto a actuación como á persoas e entidade beneficiaria.

A xefatura territorial do IGVS, logo das comprobacións que consideren oportunas, resolverán sobre a cualificación definitiva. Na resolución pola que se concede a cualificación definitiva constará o tipo de actuación realizada, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación e o importe do orzamento protexible.

d. Serán causas de denegación da cualificación definitiva as seguintes:

- Non executar as obras de conformidade co previsto na resolución de cualificación provisional, executalas parcialmente ou executar obras distintas das previstas na citada resolución de cualificación provisional.

- Non executar as obras de conformidade coa licenza de obras ou non cumprir as condicións recollidas nela.

- O incumprimento do prazo de execución previsto na resolución de cualificación provisional.

- O incumprimento por parte da persoa ou entidade promotora de calquera dos requisitos previstos no Real decreto 233/2013, do 5 de abril, na Orde de 23 de xuño de 2017, nesta ordenanza e no correspondente acordo específico, para obter a condición de persoa ou entidade beneficiaria.

e. O prazo para ditar e notificar a resolución sobre a cualificación definitiva será de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da entrada na área provincial do IGVS da proposta municipal de cualificación definitiva. Transcorrido o dito prazo sen que se notifique a resolución expresa, entenderase denegada.

f. Contra a resolución que sobre a cualificación definitiva diten a xefatura territorial do IGVS poderase interpor un recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

ARTIGO 17º.- Tramitación da concesión e do pagamento.

Con carácter previo ao pagamento das subvencións, todas as persoas beneficiarias deberán achegar:

- a. Certificado da titularidade, sempre a nome do beneficiario, da conta bancaria que designe para o pagamento.
- b. Certificación acreditativa e expedida pola respectiva Administración de estar ao corrente dos pagos coa Axencia Estatal Tributaria, Tesourería Xeral da Seguridade Social, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e co Concello.
- c. Certificado de que o beneficiario non está incurso nas prohibicións para a obtención da condición de beneficiaria sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. Tal xustificación poderá realizarse mediante testemuña xudicial ou certificación administrativa e, no seu defecto, mediante declaración responsable outorgada perante unha autoridade administrativa ou notario. A persoa titular da Dirección Xeral do IGVS procederá a resolver o pagamento ao Concello atendendo ao previsto nos correspondentes acordos específicos asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan 2013-2016.

O Concello aboaralles as correspondentes subvencións aos promotores que resulten beneficiarios e xustificará perante o IGVS os pagamentos realizados, para a súa comunicación ao Ministerio de Fomento.

Procederá á minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificado teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución da concesión e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

As achegas estarán supeditadas ao efectivo financiamento por parte do Ministerio de Fomento, de acordo co estipulado no convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia.

O pagamento realizarase pola contía que resulte de aplicar o disposto nos artigos 12 e 13 da Orde do 23 de xuño de 2017.

ARTIGO 18º.- Denegación, revogación e reintegro das subvencións.

Sen prexuízo da posible incompatibilidade que legalmente fose aplicable en concorrencia coas axudas desta convocatoria, en ningún caso as subvencións concorrentes poderán ser de tal contía, que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actuación subvencionada, de conformidade co disposto polo artigo 17º.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Segundo o artigo 20 da Orde do 23 de xuño de 2017, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Consonte o artigo 21 da Orde citada, serán causas de reintegro as seguintes, Ademais das previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as seguintes:

1. O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, que comportará, así mesmo, o incremento do reintegro da subvención percibida co xuro legal correspondente desde o seu pagamento, máis un 25 %, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo que a Lei de orzamentos do Estado estableza outro diferente.
2. A non comunicación ao órgano instructor de calquera modificación substancial das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.

Tamén serán causas de denegación ou revogación das subvencións, ademais da de non reunir as condicións indicadas nos artigos 9, 10 e 11 da orde do 23 de xuño de 2017, as seguintes:

- 1) Incorrer en falsidade nos datos tidos en conta na selección da axuda.
- 2) Acometer infraccións urbanísticas graves ou moi graves nas obras de rehabilitación subvencionadas.
- 3) O incumprimento dos prazos para a execución das obras ou para a xustificación dos gastos.
- 4) A incorrecta execución das obras de rehabilitación.
- 5) O impedimento ou obstrución grave, por parte do promotor ou o contratista, á supervisión das obras por parte dos Servizos Técnicos do Concello.

6) Calquera outra infracción que dispoña á normativa vixente

O procedemento para o reintegro será o establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

ARTIGO 19º.- Tratamento de datos de carácter persoal

Os datos das persoas solicitantes serán tratados de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, co Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como a normativa estatal que se dite e a que o desenvolva.

De conformidade co disposto polo artigo 14.1.ñ) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, infórmase aos interesados da existencia do Rexistro Público de Subvencións.

ARTIGO 20º.- Normativa de aplicación

Para todo o non previsto nesta ordenanza, será de aplicación:

- a. Consonte o art. 1º desta Ordenanza, a Orde do 23 de xuño de 2017, pola que se procede a abrir o prazo para solicitar a participación na prórroga do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.
- b. O Real decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016.
- c. O Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan as directrices para o desenvolvemento do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- d. A Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, do 9 de marzo de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de rexeneración e renovación Urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016.

- e. A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- f. A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- g. A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- h. Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- i. O convenio de colaboración asinado entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas.
- j. Os acordos da Comisión Bilateral relativos á Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Conxunto Histórico de Neda (A Coruña). Comunidade Autónoma de Galicia. Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a Rexeneración e renovación urbanas 2013 - 2016. Anualidade 2017.
- k. Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e Rehabilitación Urbana.
- l. A Orde de 9 de marzo de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras do programa de apoio á implantación do informe de avaliación dos edificios do Plan estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e a renovación urbanas 2013-2016, e que se procede á súa convocatoria para o ano 2015.
- m. Resolución de 14 de outubro de 2014, pola que se dá publicidade ao convenio de colaboración asinado entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada a Ordenanza 29º: “Ordenanza municipal reguladora das axudas a rehabilitación de vivendas na área delimitada do casco antigo da Vila de Neda”, e cantas outras se opoñan á presente.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor despois de ser aprobada definitivamente polo Concello e publicado o seu texto integramente no Boletín Oficial da Provincia, unha vez transcorrido o prazo previsto no art. 70.2 en relación co art. 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de

abril, reguladora das bases de réxime local, e manterá a súa vixencia namentres se asinen ou prorroguen convenios da mesma natureza ao abeiro das normas reguladoras do Plan Vivenda 2013-2016.

.....
.....

ANEXO

TIPIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE EDIFICACIÓN

1.- ACTUACIÓNS XERAIS NOS EDIFICIOS EXISTENTES

Defínense no presente anexo os seguintes tipos de actuacións en orde crecente do seu nivel de intervención transformadora do edificio orixinal

a. Actuacións de conservación, mantemento e reparación.

Son aquelas actuacións encamiñadas ó mantemento das condicións de hixiene, ornato, seguridade e funcionalidade da edificación, sen que iso supoña a alteración da súa estrutura, distribución ou características formais.

Obras de reparación son as que se dirixen á recuperación das condicións anteriores.

Pola súa propia natureza as actuacións de conservación poderán ter o carácter de actuacións parciais.

b. Actuacións de restauración.

Son aquelas actuacións que teñen por finalidade xeral conservar, restituír ou reconstruír a arquitectura e a tipoloxía da edificación.

As actuacións de restauración comportan o mantemento do edificio na súa conformación orixinaria.

Dentro das actuacións de restauración admitiranse:

- *Obras de consolidación propias para asegurar a estabilidade, hixiene e ornato do edificio, que poderán necesitar da achega de elementos novos nas que a súa natureza material será igual á dos substituídos e que haberán de ser recoñecibles.*
- *Obras de adecuación funcional requiridas para a axeitada funcionalidade das actividades autorizadas no edificio, sempre que non degraden a súa conformación tipolóxica e os seus valores arquitectónicos.*

Cando partes do edificio desaparecen, sufrisen graves alteracións da súa configuración tipolóxica e arquitectónica ou fose precisa a súa adecuación funcional, admitiranse, no marco dun Proxecto integral de restauración, as seguintes obras:

- *Obras de restitución ou de volta ás condicións orixinarias de elementos arquitectónicos alterados, sempre que se conte con suficiente información sobre elas e se executen de conformidade cos seus materiais e acabados.*
- *Obras de reconstrución que poidan propoñer a recuperación filolóxica das invariantes arquitectónicas do edificio con criterios de integración e coherencia formal pero con desexo diferenciado.*
- *Obras de actuación e adecuación das condicións de habitabilidade e uso que poden incluír actuacións de consolidación con criterios de integración e coherencia formal coa recomendación de evitar actuacións de carácter analóxico.*

Este conxunto de actuacións haberá de complementarse coas obras de eliminación de elementos que non sexan de interese para a historia do edificio e se amosen incoherentes coas características tipolóxicas e arquitectónicas orixinarias da edificación.

c. *Actuacións de rehabilitación.*

Son aquelas actuacións encamiñadas a mellorar as condicións funcionais e de habitabilidade dun edificio, adecuándoo ao uso específico asignado, mediante a conservación maioritaria ou integral da configuración arquitectónica e disposición estrutural orixinal, tanto interior coma exterior.

As obras de rehabilitación, incidentes nos espazos interiores do edificio, poderán supoñer unha redistribución espacial sempre que se conserven os elementos determinantes da súa configuración tipolóxica: fachadas, accesos e núcleos de escaleira, muros de carga, disposición estrutural horizontal, patios e división en plantas.

Simultaneamente ás actuacións de rehabilitación, será obrigado acometer obras de conservación, mantemento e de valoración arquitectónica que incluirán, de ser o caso, a recuperación das características arquitectónicas e formais da fachada e elementos exteriores, así coma dos interiores de interese (portais, escaleiras, lareiras e chemineas, etc.) coa seguinte supresión de elementos desconformes.

d. Actuacións de reestruturación.

Son aquelas actuacións encamiñadas á renovación dun edificio, incluso dos elementos estruturais, que impliquen variacións do tipo de estrutura, e poden incluír a demolición dos elementos estruturais ou en grao máximo conservando as fachadas existentes ao exterior, o patio e a liña e tipo de cuberta.

Segundo o alcance das modificacións resultantes das actuacións, distínguense dous graos nas actuacións de reestruturación:

- *Parcial, cando supoñan o mantemento ou conservación de máis do 75% dos elementos estruturais verticais e horizontais, e non modifiquen o volume orixinal.*
- *Mayoritaria, cando os elementos estruturais verticais e horizontais transformados superen o 25% do total e se transforme a volumetría pola modificación de liñas de edificación.*

2.- ACTUACIÓNS PARCIAIS NOS EDIFICIOS EXISTENTES.

Actuacións de adecuación arquitectónica de fachadas e elementos exteriores.

As obras de adecuación arquitectónica de fachadas e elementos exteriores dos edificios terán por obxecto a conservación, valoración e, de ser o caso, a recuperación das características arquitectónicas e formais orixinarias do conxunto da fachada e elementos exteriores, coa supresión de elementos desconformes.

Entre as obras de adecuación parcial inclúense a realización de novos acabados conformes co contorno, restitución de elementos ornamentais, ou carpintería ou cerralleira que fosen substituídos por outras desconformes, a supresión de elementos incongruentes, como áticos ou corpos engadidos en cuberta, a recomposición de ocos, etc.

As obras de adecuación arquitectónica só se autorizarán como actuación independente cando o edificio presente as condición mínimas de seguridade e salubridade. Cando o edificio careza desas condicións, a súa autorización só procederá cando se executen simultaneamente as obras que permitan a consecución de tales condicións.

5º.- ADHESIÓN AO PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA FOMENTAR A IMPLANTACIÓN E FIXACIÓN DE EMPRESAS EN GALICIA MEDIANTE A CREACIÓN DA INICIATIVA “CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA”

Visto o Protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias, para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”, aos efectos de impulsar medidas que favorezan e fomenten a implantación e fixación de empresas no ámbito do termo municipal de Neda, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade acorda:

Adherirse ao Protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias, para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”, adoptando ao tempo, o compromiso municipal de resolver as solicitudes de licenza de obra maior nas que o peticionario sexa unha empresa ou un autónomo para a construción dunha edificación destinada á primeira implantación dunha actividade, nun prazo máximo de 30 días naturais dende que o Concello dispón da documentación completa e de todos os informes sectoriais preceptivo; asimismo, para dar cumprimento a este Protocolo, se adoptan as bonificación no Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI), Imposto sobre Actividades Económicas (IAE), e Impostos sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) que figuran nos puntos 6, 7 e 8 deste Pleno ordinario.

DEBATE: Sr. Pita Galego: aínda que estamos de acordo coas medidas que se adoptan, en certo modo, o xeito de plantexalo por parte da Xunta de Galicia, parécenos unha especie de chantaxe, xa que si non nos adherimos a este Protocolo, se poden perder subvencións de convocatoria autonómica, e iso non nos parece razoable.

6º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI) DO CONCELLO DE NEDA

Previo ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Contas, sométese a debate e votación do Pleno, a modificación da Ordenanza Fiscal nº 1, reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI), cuxo texto refundido, incluídas por tanto as modificacións propostas, é o seguinte:

“ORDENANZA FISCAL Nº 1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DO CONCELLO DE NEDA

Artigo 1

O imposto sobre bens inmoables ,IBI, rexerase neste municipio:

a) Polas normas reguladoras deste contidas na Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan esta lei.

b) Pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2

De conformidade co previsto no artigo 72 da Lei 2/2004 de 5 de marzo, o tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable neste municipio queda fixado nos termos seguintes:

1.-O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable os bens de natureza urbana queda fixado no 0,58%.

2.-O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable ós bens de natureza rústica queda fixado no 0,75%.

3.-O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable os bens de características especiais queda fixado no 1,3%.

Artigo 3

De conformidade co establecido no artigo 62 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, estarán exentos deste imposto os seguintes inmobles:

- *Os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estén directamente afectados ó cumprimento dos fines específicos de ditos centros.*
- *Os inmobles rústicos e urbanos que teñan unha cota líquida que non supere a contía de 4 euros para os inmobles rústicos e 6 euros para os inmobles urbanos.*
- *Respecto a exención prevista no artigo 62.1.f) do RDL 2/2004 de 5 marzo, pola que se eximen deste imposto a superficie dos montes poblados con especies de crecemento lento, cuido principal aproveitamento sexa a madeira ou o corcho, e sempre que a densidade das árbores sexa a propia ou normal da especie de que se trate. A efectos desta ordenanza entenderase como especies de crecemento lento, as determinadas na lexislación de montes de Galicia.*

Artigo 4:

Establécense as bonificacións seguintes na cuota íntegra deste imposto:

- 1- Establécese unha bonificación do 90% da cuota íntegra deste imposto a favor daqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, respecto a aquel ben inmovible sito no concello que constituía a súa vivenda habitual, e na que estén empadroados. Dita bonificación manterase en tanto os fillos sexan menores de idade e todos eles residan e estén empadroados no citado domicilio. Esta bonificación se aplicará previa solicitude do suxeito pasivo.*
- 2- Establécese unha bonificación do 50% da cuota íntegra deste imposto para os bens nos que se instalaran sistemas para o aproveitamento térmico o eléctrico da enerxía proveniente do sol. A aplicación desta bonificación condicionase a que nas instalacións para a produción de calor haia colectores que dispoñan da correspondente homologación pola administración competente. Esta bonificación se aplicará previa solicitude do suxeito pasivo.*
- 3- Establécese unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de*

fomento do emprego. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo
- O 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- O 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles inmobles nos que teña lugar a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros nos que se amplíen as instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Disposición Adicional Única

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición Final

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 28 de maio de 2018, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

DEBATE: Sr. Pita Galego: estamos de acordo coas bonificacións para enerxía solar e para familias numerosas, de feito xa presentamos en 2015 unhas propostas ao respecto. En aquel intre se nos pediu un estudo de impacto de tales propostas sobre o orzamento, e queremos saber se agora, ao presentar esta modificación, se ten feito ese estudo por parte do goberno municipal.

Sr. Alcalde: esta modificación non ten que ver con aquela proposta, xa que estas rebaixas que propoñemos non inciden en estabilidade orzamentaria.

Sr. Pita Galego: temos un importante superávit, e gustaríanos que houbera máis rebaixa no tipo de gravame do IBI.

Sr. Alcalde: de momento non podemos, porque estamos pendentes da posta en marcha dun centro de día, se é posible, e temos que asignar recurso para tal finalidade.

VOTACIÓN: O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade acorda:

Primeiro.- Aprobado inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 1, reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI), cuxo texto refundido, incluídas por tanto as modificacións acordadas, figura literalmente ut supra.

Segundo.- Abrir trámite de información pública por prazo de trinta días hábiles, mediante inserción do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan presentar alegacións, reclamacións ou suxestións.

Terceiro.- Considerar definitivamente adoptado o acordo de aprobación inicial, no caso de que no trámite de información pública non se teñan presentadas alegacións, reclamacións ou suxestións.

7º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 3 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) DO CONCELLO DE NEDA

Previo ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Contas, sométese a debate e votación do Pleno, a modificación da Ordenanza Fiscal nº 3, reguladora do Imposto sobre Construcción, Instalación e Obras (ICIO) do Concello de Neda, co seguinte contido:

ORDENANZA FISCAL Nº3 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN INSTALACIÓN E OBRAS DO CONCELLO DE NEDA

Modifícase o artigo 4.2 e o artigo 4.4, introdúcese o apartado 4.5, engádese a Disposición Adicional Única e modifícase a Disposición Final, quedando redactados nos seguintes termos :

Artigo 4.

2. Establécese unha bonificación do 95% a prol das construcións, instalacións e obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar, igual a parte do importe da cota correspondente á devandita instalación. A aplicación desta bonificación esta condicionada a que as instalacións para a produción de calor inclúan colectores que dispoñan de homologación da Administración competente.

Dita bonificación aplicarase a cuota resultante de aplicar no seu caso a bonificación do artigo 4.1.

4. Establécese unha bonificación do 90% a prol das construcións, instalacións e obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados igual a parte do importe da correspondente á devandita instalación. . Dita bonificación aplicarase a cuota resultante de aplicar no seu caso as bonificacións as que se refiren os parágrafos anteriores.

4.5. Establécese unha bonificación de ata o 95% para as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 103.2 a) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo*
- Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo*
- Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.*

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aquelas construcións, instalacións ou obras destinadas á implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aquelas

outras que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

O emprego comprometido deberá manterse, cando menos, un período de tres anos dende o inicio da actividade polo suxeito pasivo. Tal circunstancia deberá ser acreditada por este ante os servizos tributarios do concello dentro dos 15 días seguintes ao remate de cada trimestre. O non cumprimento deste requisito dará lugar o inicio do correspondente expediente de reintegro.

Disposición Adicional Única.-

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición Final.-

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar o día 28 de maio de 2018, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

DEBATE: Sr. Pita Galego: esgrimimos os mesmos argumentos manifestados no punto 6º da orde do día, en canto resulten de aplicación á Ordenanza do ICIO.

VOTACIÓN: O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 3, reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO), cuxo texto figura literalmente ut supra.

Segundo.- Abrir trámite de información pública por prazo de trinta días hábiles, mediante inserción do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan presentar alegacións, reclamacións ou suxestións.

Terceiro.- Considerar definitivamente adoptado o acordo de aprobación inicial, no caso de que no trámite de información pública non se teñan presentadas alegacións, reclamacións ou suxestións.

8º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 14 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE) DO CONCELLO DE NEDA

Previo ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Contas, sométese a debate e votación do Pleno, a modificación da Ordenanza Fiscal nº 14, reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas (IAE), cuxo texto refundido, incluídas por tanto as modificacións propostas, é o seguinte:

ORDENANZA FISCAL Nº 14 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO CONCELLO DE NEDA (IAE)

Artigo 1.

O imposto sobre actividades económicas (IAE) rexerese neste municipio:

- a) Polas normas reguladoras deste contidas na Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan esta lei.*
- b) Polas tarifas e instrución do imposto, aprobadas polo Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, e Real decreto legislativo 1259/1991, do 2 de agosto.*
- c) Pola presente ordenanza fiscal.*

Artigo 2.

De conformidade co previsto no artigo 87 do TRLFL, Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, pola que se aproba o texto refundido da lei reguladora de facendas locais, establécense os coeficientes de situación seguintes, atendendo a categoría fiscal da vía pública onde radica fisicamente o local no que se realiza a actividade económica, resultando a seguinte táboa de índices:

- a) Categoría 1.^a.-Fábrica de Xuvia e Ribeira de Xuvia.-Índice 1,7.*
- b) Categoría 2.^a.-Avda. do Xuvia, O Portazgo, Mourela Alta, Toeleira, Coto, Castros, Avda. X. Luaces, Sta. María, Avda. Alxeciras, Castelao, Alonso Escudero, Rectoral, Trovador Esquíó, Paraíso, Río Belelle, A Queira, Curros Enríquez, Lagareta e Valle Inclán.-Índice 1,3.*
- c) Categoría 3.^a.-Poulo, Muchiqueira, Mourela do Medio, Mourela Baixa, Cruz do Pouso, Camiño do Regueiro, Buhida, Médico Cebreiro, Mosteirón e O Carreiro.-Índice 1,2.*
- d) Categoría 4.^a.-Tódalas demais non sinaladas na relación anterior.-Índice 1,1. a excepción das que figurando con outro nome propio do dito lugar, non incluídos nos anteriores, poidan no momento da súa liquidación encadrarse facilmente dentro das indicadas, polo que se liquidarán polo tipo que corresponda a esa categoría.*

A aquelas actividades que tributen por cota provincial ou nacional non lles serán aplicables nin o coeficiente nin o índice de situación regulados nesta ordenanza.

Os anteriores coeficientes aplicaranse sobre as cotas incrementadas por aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 86 do RDL 2/2004, do 5 de marzo.

Artigo 3.

Establécese unha bonificación de ata o 95 por cento da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto

Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- *Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo*
- *Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo*
- *Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.*

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Disposición Adicional Única.-

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición Final.-

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar o día 28 de maio de 2018, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

DEBATE: **Sr. Pita Galego:** esgrimimos os mesmos argumentos manifestados no punto 6º da orde do día, en canto resulten de aplicación á Ordenanza do IAE.

VOTACIÓN: O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 14, reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas (IAE), cuxo texto refundido, incluídas por tanto as modificacións acordadas, figura literalmente ut supra.

Segundo.- Abrir trámite de información pública por prazo de trinta días hábiles, mediante inserción do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan presentar alegacións, reclamacións ou suxestións.

Terceiro.- Considerar definitivamente adoptado o acordo de aprobación inicial, no caso de que no trámite de información pública non se teñan presentadas alegacións, reclamacións ou suxestións.

9º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 16 REGULADORA DAS TAXAS POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO E XIMNASIO MUNICIPAL, ASÍ COMO TAMÉN POLOS SERVIZOS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS E CULTURALS E SAUNA

Previo ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Contas, sométese a debate e votación do Pleno, a modificación da Ordenanza Fiscal nº16, reguladora das

taxas pola utilización das instalacións do pavillón polideportivo e ximnasio municipal, así como tamén polos servizos das escolas deportivas e culturais e sauna do Concello de Neda, co seguinte contido:

ORDENANZA Nº 16, REGULADORA DAS TAXAS POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO E XIMNASIO MUNICIPAL, ASÍ COMO TAMÉN POLOS SERVIZOS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS E CULTURAIIS E SAUNA.

O Artigo 5 queda redactado como sigue:

Artigo 5. Cota tributaria.

As taxas a satisfacer ó concello pola utilización das instalacións que de seguido se citan, axustaranse ás seguintes tarifas:

A.–Actividades deportivas:

- Adestramentos con luz: 29,17 €/hora.*
- Adestramentos sen luz: 18,06 €/hora.*
- _ Adestramentos categoría base: 25,67 €/hora.*
- Competicións sen taquilla: 34,75 €/hora.*
- Competicións sen taquilla (categoría base): 30,59 €/hora.*
- Competicións con taquilla: 76,45 €/hora.*

O tempo máximo de utilización para a competición será dunha hora e media.

Os equipos federados que se comprometan a desenvolver os seus entrenamentos ou competicións oficiais no pavillón durante toda a tempada gozarán dun desconto do 10% nos precios anteriores. Ditos precios serán os seguintes:

- Adestramentos con luz: 26,25 €/hora.*
- Adestramentos sen luz: 16,25 €/hora.*
- _ Adestramentos categoría base: 23,10 €/hora.*
- Competicións sen taquilla: 31,27 €/hora.*
- Competicións sen taquilla (categoría base): 27,53 €/hora.*
- Competicións con taquilla: 68,80 €/hora.*

B. –Espectáculos deportivos de carácter especial:

- Sen taquilla: 85,89 €/hora.*
- Con taquilla: 133,99 €/hora.*

No suposto de que sexa necesario utilizar por mais tempo as instalacións aplicarase a tarifa proporcionalmente.

C. –Espectáculos non deportivos:

– Actos benéficos, culturais, partidos políticos e actividades alleas o deporte 965,03 €/acto.

– Actos profesionais lucrativos: 1.908,15 €/acto.

D. –Servicios escolas deportivas, culturais e ximnasio:

– **Persoas menores de 14 anos escolas deportivas e culturais:**

- Cursos con clases 3 días á semana: 11,74 €/mes.

- Cursos con clases 2 días á semana: 9,74 €/mes.

- Cursos con clases 1 día á semana: 7,74 €/mes.

Se presume que as clase diarias son de unha hora, en caso de clases de 1,5 horas/semana o precio mensual será de 11,61 €/mes.

– **Persoas entre 14 e 18 anos :**

Escolas deportivas e culturais:

- Cursos con clases 3 días á semana: 13,91 €/mes.

- Cursos con clases 2 días á semana: 11,91 €/mes.

- Cursos con clases 1 día á semana: 9,91 €/mes.

Se presume que as clase diarias son de unha hora, en caso de clases de 1,5 horas/semana o precio mensual será de 14,86. €/mes.

No caso de escolas deportivas para menores de idade debe presentar consentimento de pais o tutores legais e informe médico favorable para a práctica de actividade física.

– **Persoas maiores de 18 anos:**

Escolas deportivas e culturais:

- Cursos con clases 3 días á semana: 22,24 €/mes.

- Cursos con clases 2 días á semana: 20,24 €/mes.

- Cursos con clases 1 día á semana: 18,24 €/mes.

Se presume que as clase diarias son de unha hora, en caso de clases de 1,5 horas/semana o precio mensual será de 19,24 €/mes.

–**Pensionistas con ingresos inferiores o SMI:**

Escolas deportivas e culturais:

- Cursos con clases 3 días á semana: 15,57 €/mes.

- Cursos con clases 2 días á semana: 14,16 €/mes.

- Cursos con clases 1 día á semana: 12,76 €/mes.

Se presume que as clase diarias son de unha hora, en caso de clases de 1,5 horas/semana o precio mensual será de 13,46 €/mes.

E.-Ximnasio

Soio se admitirá o acceso o ximnasio as persoas maiores de 16 anos. Para persoas entre 16 e 18 anos, requirirase o consentimento dos pais, tutores legais o persoas que exerzan a patria potestad, e informe médico favorable para a práctica da actividade física:

Persoas entre 16-18 anos:

- Cota mensual normal (posibilidade de asistencia tódolos días en horario de apertura): 13,91€/mes.
- Cota mensual especial (ximnasio mais unha clase dirixida con un desconto do 15% na totalidade) 23,64€/mes.

Persoas maiores de 18 anos:

- Cota mensual (posibilidade de asistencia tódolos días en horario de apertura): 22,24€/mes.
- Cota mensual especial (ximnasio mais unha clase dirixida con un desconto do 15% na totalidade) 37,80€/mes.

Pensionistas

- Cota mensual (posibilidade de asistencia tódolos días en horario de apertura): 15,57€/mes.
- Cota mensual especial(ximnasio mais unha clase dirixida con un desconto do 15% na totalidade) 26,46€/mes.

F.-Outros:

- Prezo sauna por sesión 3,56 €.
- Abono mensual para catro sesións 10,93 €.
- Por cada neno que asista á ludoteca 3,24 €/mes.

As persoas matriculadas nas escolas deportivas, terán dereito a disfrutar de catro sesións de sauna gratis o mes.

G.-Escolas deportivas municipais de vela e de remo:

- Persoas menores de 18 anos 90,00 €/mes.
- Persoas maiores de 18 anos 120,00 €/mes.
- Matrícula menores de 18 anos 20,00€.
- Matrícula maiores de 18 anos 30,00 €

Artigo 6.- Normas de xestión:

A) O padrón comprensivo de tódalas persoas beneficiarias das escolas deportivas será aprobado pola Comisión de Goberno ó inicio do curso, e exposto ó público por unha soa vez, polo espacio de quince días, feito o cal pasarase o cobro; non obstante para cobros posteriores será suficiente o que sexa aprobado polo órgano anterior e calquera persoa que desexe consulta-lo mesmo poderao facer dentro da primeira semana de cada mes, durante a duración de dito curso.

A recadación do importe da taxa será mensual ou bimensual e realizarase polo concello mediante recibo. O cobro dos recibos farase de forma preferente mediante domiciliación bancaria, para o cal no momento en que se presenta a solicitude de alta en calquera das Escolas, asinarase polo contratante o correspondente impreso de domiciliación, no que se conteña unha cláusula que manteña a validez de dita domiciliación ata en tanto polo concello non se lle comunique o establecemento bancario a cancelación da mesma. No obstante o anterior o cobro do recibo poderá realizarse tamén por presentación no domicilio dos abonados. No caso dos recibos que se presenten o cobro en establecementos bancarios e sexan devoltos por inexistencia de fondos, o débito notificarase o abonado, quen poderá facelo efectivo nas oficinas do concello no prazo de quince días hábiles sen recargo algún.

B) No que respecta ás taxas por uso do pavillón e campo de fútbol unha vez confeccionado o padrón de persoas e entidades autorizadas mensualmente, pasarase a coñecemento da Xunta de Goberno para súa aprobación, feito o cal pasarase o cobro mensualmente, e no caso de discrepancia algunha por parte dos afectados coas liquidacións efectuadas, haberá un prazo de cinco días hábiles para solventala mesma.

C) As instancias serán informadas pola persoa responsable do servizo, formulando proposta de resolución. De seguido, practicarase a liquidación dos dereitos e taxas oportunas, procedéndose á súa censura pola intervención municipal. A taxa a satisfacer en concepto de matrícula a que se refire a letra G) do artigo 5 da presente Ordenanza só se satisfará a primeira anualidade na que o usuario cause alta nunha das escolas o actividades municipais, non devengándose a mesma se existe reiteración na matriculación do usuario nas escolas o actividades municipais ano tras ano. O correspondente órgano da corporación adoptará as resolucións que procedan en canto ó outorgamento e, así mesmo, aprobará a liquidación dos dereitos e taxas correspondentes.

Artigo 7.-Exencións e bonificacións [redacciones](#)

A) Estarán exentos do pago do importe de tarifa o Concello de Neda os colexios públicos do concello, así coma as demais entidades e persoas, que considere a Xunta de Goberno de acordo co presente regulamento.

B) Abonos Especiais:

B.1) Abono familiar:

O abono familiar é unha modalidade de pagamento destinada a incentivala participacións dos membros da unidade familiar nas escolas deportivas municipais. A esta modalidade só poderán acollerse os veciños de Neda.

Inclúense dentro do concepto de "abonado familiar", todas aquelas persoas que estén vinculadas ata o tercer grado por consanguinidade o afinidade, e convivan na mesma unidade familiar, sen necesidade de aportar os ingresos da mesma. Para ter dereito ó abono familiar é necesario que se matriculen nalgunha das escolas municipais o ximnasio, al menos dos membros da unidade

familiar nos termos expostos. O desconto correspondente o abono familiar tamén é aplicable cando unha mesma persoa se matricule en dous o mais actividades.

As cotas para os abonados familiares hanse determinar aplicando unha redución do 30% da cota a partir da segunda actividade e seguintes en que se matricule ou a partir do segundo membro e sucesivos da unidade familiar que o faga. A redución do 30% non se aplicará á actividade que teña a tarifa máis elevada de entre as que se matriculen os membros da unidade familiar.

B.2) Familias numerosas:

Aquelas familias que acrediten a condición de familia numerosa terán unha redución da cota das actividades nas que se matriculen dun 40%. Esta redución non será acumulativa coa descrita no punto B.1) anterior.

B.3) Pensionistas:

Aqueles pensionistas que acrediten que os ingresos da súa unidade de convivencia non superan o 125% do Salario Mínimo Interprofesional, terán unha redución da cota das actividades nas que se matriculen dun 30%. Esta redución non será acumulativa coas descritas nos puntos B.1) e B.2) anteriores.

B.4) Suxeitos de escasa capacidade económica.

Aqueles suxeitos pasivos da taxa que acrediten unha capacidade económica escasa, poderán solicitar a aplicación dunha redución da cota das actividades nas que se matriculen de ata o 90%. Poderán ser solicitantes da redución aquelas unidades familiares de 1-2 membros que non alcancen o 100% do salario mínimo interprofesional, aquelas unidades familiares de 3-4 membros que non alcancen o 140% do salario mínimo interprofesional, e aquelas unidades familiares superiores a 4 membros que non alcancen o 180% do salario mínimo interprofesional. A Xunta de Goberno Local, previo informe dos Servizos sociais municipais no que se acredite a meritada capacidade económica escasa e a necesidade de aplicación da bonificación, resolverá o expediente aplicando a redución que se estime conveniente co límite do 90% da cota antes indicado. Esta redución non será acumulativa coas descritas nos puntos B.1), B.2) e B.3) anteriores.

B.5) Fraccionamento da actividade

Aínda que as actividades e a asistencia o ximnasio se ofrecen por períodos mensuais, cabe a posibilidade de fraccionalas en períodos de 15 días cando por necesidades laborais o de outro tipo o usuario non poida asistir todo o mes. Neste caso as taxas devengadas se reducirán proporcionalmente o tempo de asistencia previamente autorizado.

C) Os equipos de Neda, terán unha redución do 5% nos prezos de utilización do pavillón polideportivo.

Segundo o establecido na lexislación vixente e logo dos informes que se estimen pertinentes, a Xunta de Goberno do Concello poderá outorgar bonificacións sobre o importe dos dereitos da

presente tarifa e mesmo a total condonación dos mesmos, sempre que se trate da utilización das instalacións para a celebración de actos organizados con fins benéficos ou culturais de carácter especial, entendendo por tales aqueles que gozan dunha especial relevancia para comunidade local.

As persoas ou entidades interesadas na obtención das exencións ou bonificacións establecidas nesta ordenanza instarán o concello, acreditando suficientemente as circunstancias que xustifiquen a súa pretensión, presentando, con dez días de antelación á celebración do acto, a correspondente solicitude no rexistro do concello e poñendo en coñecemento da persoa responsable do pavillón esta cuestión.

Os clubs e entidades deportivas do Concello de Neda que organicen actos nas instalacións obxecto desta ordenanza fiscal con carácter periódico, poderán solicita-lo correspondente concerto económico co Concello de Neda. O abeiro do mesmo, as entidades que se acollan a estes terán unha redución na cota que será fixada o efecto.

O pagamento das taxas polas entidades concertantes efectuarase na primeira quincena do mes de decembro, en función das horas de utilización das instalacións e das características das actividades que se realizaran durante estas horas. A aprobación dos devanditos concertos e reducións, correspóndelle a Comisión de Goberno, previa proposta da Comisión de Cultura."

DEBATE: Sr. Pita Galego: pido que en sucesivas convocatorias de Comisión Informativa de Facenda, se nos faga chegar o texto íntegro das ordenanzas antes da reunión da Comisión, para que teñamos os mesmos elementos de xuízo que os membros do goberno municipal.

En canto ao fondo da Ordenanza, non entendemos a discrecionalidade para as exención de tipo social, en base a un informe de servizos sociais e unha posterior resolución discrecional por parte da Xunta de Goberno Local.

Sra. Pena Barcia: hai uns criterios para prorratar en base ao salario mínimo interprofesional, e a Xunta de Goberno Local resolve, en base aos informes técnicos, de xeito discrecional, que non arbitrario.

Sr. Pita Galego: tampouco entendemos a distinción entre pensionistas e persoas con escasos recursos que non son pensionistas..

Sra. Pena Barcia: se aplicará a normativa fiscal máis beneficiosa.

Sr. Pita Galego: en canto aos espectáculos non deportivos, hai unha taxa de 965 euros, para actos benéficos, culturais, etc., e parécenos excesivo.

Sra. Pena Barcia: aqueles actos nos que participe o Concello serán gratuítos, pero consideramos que non se pode abrir o pavillón polideportivo a estes usos, de xeito indiscriminado, xa que o seu uso preferente non ha de ser ese.

Sr. Pita Galego: queríamos propoñer que esta modificación da Ordenanza fiscal nº 16 quede sobre a mesa, e que se cree un grupo de traballo para que o texto se poida mellorar con estas propostas que facemos.

Sra. Pena Barcia: consideramos que xa se debateu e ditaminou en Comisión Informativa, e deixar o asunto sobre a mesa faría inoperativo o goberno municipal.

Sra. Bouza Bellón: coincidimos plenamente cos argumentos expostos pola portavoz do grupo municipal socialista.

VOTACIÓN: O Pleno en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 11 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, PP e GRUPO MIXTO (BNG e CG), e 2 abstencións dos Sres. Concelleiros de MOVENEDA, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 16, reguladora das taxas pola utilización das instalacións do pavillón polideportivo e ximnasio municipal, así como tamén polos servizos das escolas deportivas e culturais e sauna do Concello de Neda, cuxo texto figura literalmente ut supra.

Segundo.- Abrir trámite de información pública por prazo de trinta días hábiles, mediante inserción do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan presentar alegacións, reclamacións ou suxestións.

Terceiro.- Considerar definitivamente adoptado o acordo de aprobación inicial, no caso de que no trámite de información pública non se teñan presentadas alegacións, reclamacións ou suxestións.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS

Intervén en primeiro lugar o portavoz do grupo municipal do PP, **Sr. Cabezón Lorenzo**, quen fai o seguinte rogo: xa levamos tres anos deste goberno municipal, e á entrada de Neda pola autoestrada fixemos ao final do mandato anterior unha obra para dar a benvida a este Concello, a cal está engalanada con dúas anclas que nos cedeu a Armada; fixemos un pacto, por tanto, coa Armada e solicitamos agora que se cumpra, poñendo a placa “Glorieta da Armada Española”, no citado lugar.

Sr. Alcalde: o cumpriremos.

Seguidamente intervén o portavoz do grupo municipal de MOVENEDA, **Sr. Pita Galego**, quen fai os seguintes rogos e preguntas:

1º.- En febreiro solicitamos a colocación de paneis informativos en máis zonas do Concello, e queremos saber como está o asunto.

2º.- Se falou en novembro da seguridade na estrada do Roxal a Viladonelle, e preguntamos agora si se falou con Carreteras para avanzar xa nunha solución.

3º.- Na praia do Punta se fixo limpeza de area, e queremos saber con cargo a que contrato.

4º.- En canto aos contratos de limpeza de edificios municipais e servizo de axuda no fogar, preguntamos si haberá subrogación de persoal, e os prazos para a licitación.

5º.- Queremos saber cando se convoca a Xunta Local de Seguridade, e si hai plan de emerxencia local.

6º.- Existen pagos a provedores por diferentes rebacheos, e preguntamos polas zonas en que se fixeron.

7º.- O Consello Escolar Municipal debería reunirse anualmente, e por tal motivo habería que convocalo para ver que necesidades existen na comunidade educativa.

8º.- A quen corresponde o mantemento do Canal de Augas da Marina?

9º.- Hai unha factura de reparación do tellado do pavillón, por importe de máis de mil euros, e temos visto que sube o empregado municipal, o cal non nos parece o máis correcto.

10º.- Case non se convocan comisións informativas, e pedimos que se convoquen para tratar temas pendentes, por exemplo, en materia de tráfico e seguridade.

Seguidamente procédese a responder ás preguntas formuladas por diferentes membros do goberno municipal:

Sr. Alcalde: os paneis informativos estamos mellorándoos progresivamente alí onde vemos que é necesario.

En canto á estrada do Roxa a Viladonelle, dixéronos en Carreteras que hai posibilidade de que se poñan unhas biondas protectoras.

A limpeza da praia do Puntal foi unha cousa puntual con cargo a fondos propios do Concello.

En canto aos servizos de limpeza de edificios municipais e servizo de axuda no fogar, se están elaborando os pregos, coa finalidade de mellorar as prestacións, e queremos o mes de xuño facer un Pleno extraordinario para comezar o procedemento de licitación; a subrogación de traballadores, está regulada polos convenios colectivos de aplicación.

A Xunta Local de Seguridade non ten periodicidade establecida, podendo ser convocada tanto por parte do Alcalde como por parte do Subdelegado do Goberno, cando as circunstancias o requiran.

Os rebacheos se están facendo en aquelas zonas onde non están previstas de momento obras de aglomerado, e os necesitan.

Sr. Seijo Martínez: o encargado do pavillón polideportivo sabe mellor que ninguén onde están as goteiras, e axuda a localizalas aos empregados da empresa que suben a reparalas.

Sra. Bouza Bellón: o Consello Escolar Municipal efectivamente hai xa varios anos que non se celebra, e hai que dicir que é bastante difícil convocalo, xa que ten vinte e dous membros, e varían por cambios en diferentes Administracións. Temos intención de convocalo, pero en todo caso, celebramos con periodicidade os Consellos Escolares dos Centros e solventamos os problemas que van xurdindo.

Intervén a continuación o concelleiro do grupo municipal de MOVENEDA, **Sr. Caaveiro Puentes**, quen formula a seguinte pregunta: hasta cando estará activa a campaña de loita contra a vespa velutina?

Sr. Ferreiro Rego: ate a primeira quincena do mes de xuño.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as doce horas e cincuenta e cinco minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde

O Secretario Xeral